

LA ARQUITECTURA DE LOS AÑOS CINCUENTA EN BARCELONA (Xavier Montey, Dir.)

Comisión de Cultura de la E.T.S.A. del Vallés.
Barcelona, 1987

Por XAN CASABELLA LOPEZ

Profesor de la E.T.S. de Arquitectura de La Coruña


Un dos mais fortes impactos que experimentei ao chegar a Barcelona a finais dos anos 60, foron os amplos balcóns corridos dos edificios e o estar éstos, normalmente, recubertos de parasois. Proviña eu dun pequeno pobo do norte de Lugo i esta imaxen contrastaba coas edificacións que coñecía da cidade de Viveiro de blancas i acristaladas galerías e pequenos balcóns.

Co desenrolo dos meus estudos na cidade Condal, esa paisaxe foiseme facendo familiar e quedaría grabada no subconsciente ligada a unha época chea de acontecementos, decisións, descubrimentos pessoais e turbulentas vivencias.



Agora teño diante de mín un excelente libro editado pola Comisión de Cultura da Escola de Arquitectura do Vallés, que me redescubre informada e ordenadamente a miña paisaxe xuvenil. Voltei a rever aqueles edificios de vivendas e industriais, agora que os meus ollos non se sorprenden como os daquel paleta recién chegado à cidade.

Sirva esta introdución como punto de partida para poder reflexionar sobor da oportunidade deste libro. As primeiras preguntas que me veñen á cabeza són ¿Por qué os anos 50? ¿Qué terá de valioso a arquitectura deses anos para merecer este esforzo editorial? ¿qué conclusións poderemos sacar desa investigación, aparte claro está, da mera información histórica? ¿Hai realmente na arquitectura deses anos aportacións valiosas que resistirán o paso do tempo, ou apúntanse viraxes decisivas para entender a arquitectura posterior? ¿Será de Barcelona un caso especial de calidade arquitectónica neses anos, ou esa lagoa que eles atoparon cumprirá cubrila tamén nas nosas cidades?, e por último ¿é a Escola de Arquitectura a entidade que deberá acometer esa tarefa? Todas estas preguntas me viñeron á cabeza ao ter que facer o comentario a este libro. Vou agora, xa que logo, tratar de responder à vista do material aportado polo mesmo.

Que a Arquitectura que se comenzou a facer en España ao rematala guerra civil supón unha viraxe contundente coas vangardas que campearon na época da II República, é un feito coñecido e constatado. Non embargantes qué a volta a unha lingoaxe clasicista e retórica por unha banda a un "vernáculo" folclórico por outra era a contestación ao funcionalismo e alo internacionalismo que preconizaban os arquitectos da España vencida, non se explica somente polos resultados da guerra, pois esa mesma tendencia se tiña xa notado na URSS de Stalin e na Alemania de Hitler unhos anos antes. Seguramente habería que buscar a resposta a esa custión en extractos mais profundos da sensibilidade humana e que se nos saen do ámbito deste artigo.



Figs. 2 y 3.— Edificio de viviendas.
O. Bohigas y J.M. Martorell
Calle Roger de Flor 15
Barcelona 1958



O que sí nos interesa sinalar é como se produxo o reenganche da arquitectura española e concretamente da catalana coa vangardía europea e occidental. A transformación non é dende logo fruto de un avance lineal en base a unha racionalización teórica, senón que parece mais consecuencia de un "voltar a ver" o proceso teórico practicamente ininterrumpido da arquitectura europea que se continuou en América.

A toma de contacto coincide coa celebración do CIAM IX en Aix Provençe, onde se comencian a revisar os principios canónicos do urbanismo da Carta de Atenas. Os vellos mestres de antes da guerra, entre eles Le Corbusier, están dando paso a unha nova e puxante xeneración de arquitectos europeos entre os que se atopan Alison e Peter Smitson, Aldo Van Eyck, James Styring, etc. que conquiarán articular unha nova visión da arquitectura e o urbanismo coa fundación do Tema X e o fecho definitivo dos Congresos CIAM en 1956. Corrían novos tempos e a reconstrución de Europa e de España coincidían na necesidade de construír vivenda e equipamentos de xeito masivo. Así, coido eu, se explican propostas tan avanzadas para a época como a mazá chamada Grupo Escorial (1955-62) de J. Alemany, O. Bohigas, Martorell, Mitjans, e Ribas Piera na que é doado ver influencias literais dos Smithson (mazá aberta, prefabricados de formigón, duplex, independencia escaleira/bloque, corredores exteriores de acceso, etc.). Convén lembrar eiqú que en 1951 se tiña formado no estudio dos arquitectos Coderch y Valls o chamado "grupo R" e do que formaban parte Bohigas, Gili, Martorell, Pratsmarsó, Sostres e Moragas. Este

grupo tiña como obxectivo principal o de estimular un debate sobre as arquitecturas internacionais e de vitalizar con novas técnicas o ambiente académico e retrógrado da disciplina arquitectónica.

A arquitectura catalana deses anos transcurre impulsada por moi diferentes influencias que coinciden somente no obxectivo de tomar conexión coas vangardas europeas, tal e como se pode ver simplemente pola composición do "grupo R". Algúns deles, como Moragas, estaban fortemente influído por A. Aalto ao que chamaron a conferenciar a Barcelona precisamente en 1951 reflexándose esa visita na segunda fase da Reforma do Cine Fémína (1952). Outros como o propio Bohigas preconizaba que "non se debe romper coa tradición, nin de repetir desplazadamente unhas elementos foráneos", mentras propoñía unha e outra vez a construción a base de ladrillo visto recuperando unha vella forma de traballar dos artesanos cataláns (Fig. 2).

Coderch, pola súa banda propoñía na casa de veciños da Barceloneta (1952-54) unha potente intervención na piel do edificio, con segundo distribuidor pechado a base de parasóis, co que resolvería unha composición rotunda e sinceramente mediterránea (Fig. 3).

J. M. Sostres, na casa M. M. I. (1955-58) faría unha interpretación moi persoal do estilo internacional, con composición a base de planos e volúmenes de carácter abstracto. A planta,

Fig. 4.— Edificio de
Viviendas. J.A. Coderch
y M. Valls.
Paseo Nacional 43
Barcelona 1952-54.



organízase arredor de un pequeno patio aínda que non se podería dicir que teña adoptado a tipoloxía de casa-patio. Hai no libro unha interesante estudio desta vivenda, recollida da revista 2c Construcción da la ciudad, nº 37 (Fig. 4).

Gili i Morós e F. Bassó, no edificio da Editorial Gili deixan ver a influencia de Le Corbusier nun edificio de planta libre, con estrutura reticulada, atillo, curva orgánica, etc.

Outro grupo de arquitectos, claramente diferenciados nas súas influencias, é o dos que traballaron para a Seat. Concretamente o Depósito de automóviles (1958) (Fig. 5) de C. Ortiz Echagüe e R. Echaide ten unha clara referencia ás obras americanas de Mies Van der Rohe. Ese mesmo tipo de influencias as poderíamos atopar na sede do Colexio de Arquitectos de Cataluña (1959-62) obra de X. Busquets despois de gañar o concurso convocado ao efecto. Aquí, non embargantes, à rotundez de Mies, engádeselle un corpo baixo que articula o edificio co seu entorno urbano. Aínda dentro deste campo de influencias, poderíamos situar a Facultade de Dereito (1958)


obra de P. López Iñigo, X. Subias y Fagés e G. Giráldez, de estrutura clara e rotunda e con unha planta moi ben organizada, pero con un cerramento ambíguo que lle da unha imaxen diluída. Hai en todo este grupo de obras, así como en outras que non se nomean, unha actitude de levar as posibilidades estruturales às súas derradeiras consecuencias, experimentando con materiais industriais dun xeito masivo (estructuras metálicas, muro cortina, aluminio, etc.) buscando esa transparencia e leviandade que desmaterializa o edificio.

Outro aspecto a que nos remite o libro, é o detectar as influencias que a arquitectura dos anos 50 tivo e está a ter na arquitectura actual. Non é por casualidade que a revista Quaderns teña adicado derradeiramente dous números à publicación de obras desa época. Por outra banda, e sin entrar en profundidades, certas obras expostas no libro, como o Canódromo Meridiana, os comedores para empregados de Seat ou o Hotel Park, desvélansenos como os verdadeiros pais arquitectónicos de un A. Viaplana ou os abós de E. Miralles e C. Pinós, en resumen onde esa arquitectura chamada por Muntaner "nova

Fig. 6.— Depósito de
automóviles Seat.
C. Ortíz y R. Echaide.
Plaza Cerdá
Barcelona 1958.



Fig. 5.— Casa M.M.I. J. M^a Sostres. Ciudad Diagonal-Barcelona
1955-58.



abstracción formal” procura as suas referencias. Así mesmo se constata que a presenza constante do equipo de Oriol Bohigas na arquitectura catalana dende eses anos até agora, a través de obras e artigos teóricos, vertebran as aportacións desa arquitectura arredor de unha reivindicación neo-racionalista con referencias enriquecedoras ao lugar e às tecnoloxías propias de cada rexión, o que resulta reconfortante despois da intoxicada propaganda posmodernista a que nos vimos sometidos nos derradeiros anos.

Dende unha óptica galega i escolar a lectura deste libro e dobremente ilustrativa. Por unha banda, axúdanos a comprender e a contextualizar a obra de algúns dos mellores arquitectos galegos como son o caso dos edificios industriais do primeiro A. Albalat (Coca-Cola, Seat, Ford) ou as primeiras obras racionalistas de X. Bar Boo (Sede de COAG de Vigo, Chalets, etc.). Por outra, danos a coñecer as fontes de onde beberon varios profesores desta Escola que se formaron en Barcelona A. Reboledo, X. M. Casabella, C. Portela, X. Martínez, A. Noguero, A.

Penela, entre outros, tiveron, e teñen en algún caso, relación moi estreita con algún dos autores das obras do libro, tanto como alumnos, compañeiros ou críticos e seguramente na obra de algún deles se poida rastrear doadamente, a influencia desa relación, ou en toda caso unha conexión teórica determinada. Por iso, coído que o referido libro axudará a entender de algún xeito, certa arquitectura que se fixo ou se está a facer en Galicia e por consecuencia se está a transmitir dende a Escola de Arquitectura da Coruña.

Quédame aínda por contestar algunha das preguntas que me facía ao comezo, pero limitareime simplemente a reflexionar sobor da última. En Galicia, caseque tódolos traballos históricos que se fixeron están editados polo COAG. Este libro vennos a demostrar que dende a Escola tamén se pode ún acercar a estes temas con dignidade e capacidade de investigación. Que poñamos a andar esta máquina por esos derroteiros é algo que somente depende dos profesores da mesma, a arquitectura e por ende a sociedade seguro que o vai agradecer.